

O GRUPO NOMINAL



O **grupo nominal** está formado por un substantivo e, iste, pode ir acompañado de determinantes e adxectivos.

Os adxectivos poden ir diante ou detrás do substantivo.

O substantivo é o núcleo do grupo nominal.

Ex: Estas cadelas alegres → Dert. + subst. + adxect.
Núcleo



1. Cal é o núcleo de cada grupo nominal

- Aquel coello branco
- Unha camiseta vermella
- O noso amable veciño
- A túa princesa preferida
- Os novos alumnos

2. Relaciona, escribe no seu lugar os grupos nominais que formes e engádelles un adxectivo.



• as	• garfos
• esta	• espremedor
• os meus	• pota
• ese	• tixolas



O grupo nominal



3. Por que palabras están formados os seguintes grupos nominais?
Averigua.



Un xogador veloz Substantivo+adxectivo+adxectivo Artigo+substantivo+adxectivo	Estas divertidas actividades Demostrativo+adxectivo+substantivo Demostrativo+substantivo+adxectivo
Aqueles zapatos cómodos Demostrativo+substantivo+adxectivo Substantivo+adxectivo+artigo	As miñas cadelas preciosas Artigo+posesivo+substantivo+adxectivo Artigo+substantivo+posesivo+adxectivo
Unha simpática veciña Artigo+adxectivo+substantivo Artigo+asubstantivo+adxectivo	A túa avoa cariñosa Artigo+posesivo+substantivo+adxectivo Artigo+artigo+adxectivo

O grupo nominal

4. Arrastra os seguintes determinantes e completa cada grupo nominal:



esa

os

o meu

unhas

estes



- _____ coche de carreiras

- _____ abellas produtoras



- _____ lavadora averiada

- _____ guantes de boxeo



- _____ grandes amigos

5. Atopa o erro nestes grupos nominais e escolle os correctos.



Algúns festas tradicionais ➡	Algún festas tradicionais Algunhas festas tradicionais
Todos os futbolista do equipo ➡	Todas os futbolista do equipo Todos os futbolistas do equipo
As súas orellas puntiaguda ➡	As súas orella puntiaguda As súas orellas puntiagudas
Unhas variña moi máxica ➡	Uns variña moi máxicos Unha variña moi máxica
Esa rapaces feitiños ➡	Eses rapaza feitiña Eses rapaces feitiños
O miña avó tranquilo ➡	O meu avó tranquilo A miña avó tranquilo
Aquelas doces amorodos ➡	Aquelas doces amorodas Aqueles doces amorodos
Moitos nenas maiores ➡	Moitas nenas maiores Moitas nenos maiores
Un coches de cabalos ➡	Uns coche de cabalos Uns coches de cabalos

O grupo nominal

6. Fíxate no debuxo e escribe catro grupos nominais.



7. SI ou NON?



✓ Os grupos nominais son oracións	
✓ A palabra "en" é un grupo nominal	
✓ Un grupo nominal sempre ten dúas palabras	
✓ A palabra máis importante do grupo nominal é o substantivo	
✓ O substantivo é o núcleo do grupo nominal	
✓ Un grupo nominal contén un verbo	
✓ Nun grupo nominal pode haber adxectivos	
✓ Nun grupo nominal pode haber determinantes	